



Folla de sala / Galego

## COLECCIÓN de BARGUEÑOS e ARQUIMESA

4

Chámense así os mobles tipo arcas que teñen todo o seu espazo distribuído en gabetas e compartimentos.

A súa forma queda fixada no século XVI e con lóxicas evolucións perdura ata finais do XVIII. En todo este tempo convértese no moble máis adecuado para gardar os obxectos persoais, constituíndo un modelo case oficial na corte dos Austrias.

Xeralmente van colocados encima dunha mesa que lles serve de soporte, cos brazos extensibles cara a diante para apoiar a tapadeira.

A súa orixe ata hai poucas décadas críase que era italiana. Tamén se relacionou coas arcas de noiva catalás. Pero pola súa forma parece derivar das arquiñas mudéxares.

Esta orixe oriental apréciase tamén na súa profusión decorativa interior que contrasta coa austeridade exterior.

O nome tradicional de bargueño ten unha orixe controvertida sobre a que se barallaron varias hipóteses. É un termo da lingua falada que non se recolle documentalmente ata 1872, cando o usa Juan Facundo Riaño no *Catálogo de Objetos Artísticos Españoles del Museo Victoria & Albert*.

Anteriormente os termos usados para designar este tipo de mobles en inventarios, eran os de arquiñas ou escritorios os que tiñan tapa abatible e arquimesas ou contadores os que non tiñan tapa pero si gabetas para gardar diñeiro ou documentos.

A súa evolución vén marcada polas técnicas empregadas para decoralos, seguindo o estilo dominante nas obras de arte do momento. Así sucédense a decoración de taracea mudéjar ou incrustacións de óso na madeira; a de madeira tallada (tipo Carlos V) con relevos de medallóns e escenas ou tallas exentas; a decoración arquitectónica, que trata a fronte do moble como unha fachada; ou a taracea de materiais máis caros e raros como a cuncha, o ébano ou o marfil. A finais do S. XVI e no XVII óptase polo modelo máis típico, o de columniñas, no que cada gabeta e porta vai flanqueada por pares de columnas exentas.

No S. XVIII séguense usando e fabricando, pero a súa evolución formal estáncase porque xa se conseguiu a súa máxima funcionalidade.

Xa no século XIX adquiren unha finalidade máis decorativa que funcional, polo que non é estraño que permanezan incluso baleiros.



Hoja de sala / Castellano

## COLECCIÓN de BARGUEÑOS y ARQUIMESA

4

Se llaman así los muebles tipo arcas que tienen todo su espacio distribuido en cajones y compartimentos.

Su forma queda fijada en el siglo XVI y con lógicas evoluciones perdura hasta finales del XVIII. En todo este tiempo se convierte en el mueble más adecuado para guardar los objetos personales, constituyendo un modelo casi oficial en la corte de los Austrias.

Generalmente van colocados encima de una mesa que les sirve de soporte, con los brazos extensibles hacia delante para apoyar la tapadera.

Su origen hasta hace pocas décadas se creía que era italiano. También se relacionó con las arcas de novia catalanas. Pero por su forma parece derivar de las arquillas mudéjares.

Este origen oriental se aprecia también en su profusión decorativa interior que contrasta con la austeridad exterior.

El nombre tradicional de bargueño tiene un origen controvertido sobre el que se barajaron varias hipótesis. Es un término de la lengua hablada que no se recoge documentalmente hasta 1872, cuando lo usa Juan Facundo Riaño en el *Catálogo de Objetos Artísticos Españoles del Museo Victoria & Albert*.

Anteriormente los términos usados para designar este tipo de muebles en inventarios, eran los de arquillas o escritorios los que tenían tapa abatible y arquimesas o contadores los que no tenían tapa pero sí cajones para guardar dinero o documentos.

Su evolución viene marcada por las técnicas empleadas para decorarlos, siguiendo el estilo dominante en las obras de arte del momento. Así se suceden la decoración de taracea mudéjar o las incrustaciones de hueso en la madera; la de madera tallada (tipo Carlos V) con relieves de medallones y escenas o tallas exentas; la decoración arquitectónica, que trata el frente del mueble como una fachada; o la taracea de materiales más caros como la concha, el ébano o el marfil. A finales del siglo XVI y en el XVII se opta por el modelo más típico, el de columnitas, en el que cada cajón y puerta va flanqueada por pares de columnas exentas.

En el S.XVIII se sigue usando y fabricando pero su evolución formal se estanca porque ya se consiguió su máxima funcionalidad.

Ya en el siglo XIX adquieren una finalidad más decorativa que funcional, por lo que no es extraño que permanezcan incluso vacíos.